

SANTA RITA 2010

. SÁBADO 15



► 21.00 h. **Faltriqueira + Treixadura**

Auditorio | Entrada: 5 euros

A polifonía das rapazas de Faltriqueira devólvelle a xuventude á herdanza musical galega, á das pandereiteiras das vilas, que en moitos casos ficaban no silencio. Teresa, Carolina, María e Ana van acompañadas do acordeón de Jorge Juncal, as percusións de Roi Adro e as cordas do “Faltriqueiro Maior”, Pascal Gaigne. Faltriqueira leva percorridos numerosos escenarios dentro e fóra de Galicia, como os de Namibia, Bermudas, San Marino, Portugal, Barcelona, ou xa na casa, os do Festival do Mundo Celta de Ortigueira.

Treixadura é o xeito máis sobranceiro de vivir a melodía da gaita e o canto galego masculino. Quince grandes músicos compoñen as dúas seccións da banda: Treixadura Gaiteiros e Orfeón Treixadura, que teñen interpretado alboradas, alalás, muiñeiras ou foliadas.

. DOMINGO 16

► 18.30 h. **V Festival de Canto, Música e Danza Tradicional**

Auditorio | Entrada de balde

Coa participación do Grupo da Asociación Cultural Nós de Sobradelo e un grupo invitado.

► 21.00 h. **Dani Mateo**

Auditorio | Entrada: 15 euros

Desde novembro de 2007 forma parte do equipo de “Sé lo que hicisteis...” xunto a Patricia Conde, Ángel Martín e Miki Nadal. A súa primeira experiencia en televisión chegoulle da man da Paramount Comedy, canle á que chegou como monoloxista e na que presentou o programa “Noche sin tregua”.



SANTA RITA 2010

Desde entón ten actudo por toda a xeografía española cultivando grandes críticas e sendo considerado como un dos mellores monoloxistas de España.

. LUNS 17

► 12.00 h. **Entrega dos premios Xaquina Trillo**

Praza da Peixería

Organizado pola concellería de Cultura e a Fundación Amigos de Galicia.

► 20.30 h. **Concerto da Banda de Música de Vilagarcía**

Auditorio | Entrada de balde


Coa participación como gaiteiro invitado de Xaquín Xesteira, compoñente de Treixadura.

. XOVES 20

► 20.30 h. **Feira Gastronómica da Conserva e do Albariño**

Parque Miguel Hernández

Inauguración deste eventogastronómico organizado pola Asociación de Hosteleiros e Iniciativas Turísticas de Vilagarcía, Ahituvi, coa colaboración das concellerías de Turismo e Cultura. As casetas de degustación estarán abertas ata o domingo 23 en horario de mediodía e tarde-noite.



► 22.00 h. **Orquestra Panorama**

Explanada do Auditorio

A máis soada orquestra de Galicia retorna ás festas de Santa Rita co seu grandioso espectáculo da xira de 2010.

SANTA RITA 2010

. VENRES 21

- ▶ A partir das 12.30 h. **Feira da Conserva e do Albariño**
Parque Miguel Hernández
- ▶ 20.00 h. **Mercado de época**
Parque da Xunqueira
Inauguración do mercado no que ademais dos postos de venta poderán disfrutar de espectáculos, obradoiros, exhibicións, etc.
- ▶ 20.00 h. **Big Band Vilagarcía**
Parque da Xunqueira
Actuación da big band no escenario do parque.
- ▶ 21.00 h. **Concerto: “Galegos Hoxe!”**
Auditorio | Entrada de balde
Concerto do ciclo de música de cámara adicado a “tríos con piano” a cargo do Ensemble Nordesía.
- ▶ 22.00 h. **Verbena: Orquestras Jerusalén e Océano**
Praza de Abastos

. SÁBADO 22

- ▶ 12.00 h. **Misa solemne**
en honor de Santa Rita na Igrexa de Vistalegre cantada pola coral Cortegada.
- ▶ 12.00 h. **Pasacalles**
a cargo do grupo Froallo e o grupo de gaitas Treboada.
- ▶ A partir das 12.00 h. **Mercado de época**
Parque da Xunqueira
Espectáculos, mercado de época, obradoiros, exhibicións...

SANTA RITA 2010

- ▶ A partir das 12.30 h. **Feira da Conserva e do Albariño**
Parque Miguel Hernández



- ▶ 18.00 e 20.30 h. **Musical: El mago de Oz**
Auditorio | Entradas: 14, 16 e 18 euros

O 25 de agosto de 1939 tivo lugar a estrea da adaptación cinematográfica de “El mago de Oz”. Conmemorando o 70 aniversario de tan máxica data, a compañía MundiArtistas rende homenaxe á marabillosa historia cun espectáculo digno representante do teatro familiar e infantil. Por primeira vez, pais e fillos, adultos e nenos acudirán e compartirán co mesmo interese nun espectáculo.” “El Mago de Oz. El-Musical” é un espectáculo para os nenos que cren na maxia e para os adultos que cren nos nenos.

- ▶ 20.00 h. **Solemne procesión de Santa Rita**
acompañada do grupo de música tradicional **Mocidade** da Torre, **Os Terribles de Arousa** e a **Banda de Música de Vilagarcía**, con fogos de artificio.

- ▶ 21.00 h. **Pasacalles**
a cargo da charanga **Os Jalácticos**.

- ▶ 21.30 h. **Exhibición de música e baile tradicional**
Parque da Xunqueira
A cargo do **Grupo Embruxo de Guillán** e **Os Terribles de Arousa**.

- ▶ 22.00 h. **Verbena: Orquestras Alkar e Sabanna**
Alameda

SANTA RITA 2010

. DOMINGO 23

- ▶ A partir das 12.00 h. **Mercado de época**
Parque da Xunqueira
Espectáculos, mercado de época, obradoiros, exhibicións...
- ▶ A partir das 12.30 h. **Feira da Conserva e do Albariño**
Parque Miguel Hernández
- ▶ 12.30 h. **Pasacalles**
a cargo do grupo Os Xirifeiros e a charanga Os Armadanzas.
- ▶ 17.00 h. **Tarde de furor [xogos infantís]**
A Xunqueira
Xogos e probas infantís: interpretacións de cancións, desenvolvemento de coreografía, bailes, karaoke, trabalinguas, etc.
- ▶ 19.30 h. **IX Concurso de Baile Tradicional de Vilagarcía**
Auditorio | Entrada de balde
Organizado pola Asociación Cultural Malveiras, nel participarán grupos participantes os grupos Colexiata do Sar, A.C. Traspes, C.C.A. Ponte Vella, A.C. Xeirosos de Trazo, A.C. Donaire e Escola Cantigas e Agarimos.
- ▶ 22.00 h. **Verbena: Orquestra Tornado**
Explanada do Auditorio.

. SÁBADO 29

- ▶ 21.00 h. **Teatro: "Master Class. María Callas"**
Auditorio | Entrada: 5 euros

A actriz Mabel Rivera revive os últimos pasos da vida artística de María Callas na obra 'Master Class', na que encarna á mítica cantante grega durante a súa etapa na que impartiu as clases maxistras na archifamosa academia neoyorkina Juilliard. Cla-





ses que serven de pretexto para mostrar nesta obra esas dúas caras da mesma moeda que eran a Callas íntima e o personaxe público. 'Master Class' é unha nova adaptación da soada obra que o norteamericano Terrence McNally levou a Broadway fai 15 anos, dirixida nesta ocasión por Xosé Manuel Rabón, e traducida ao galego pola propia Mabel Rivera, que recuperou o texto a principios de 2007.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

► XXII Torneo Santa Rita de Tennis

Club de Teins O Rial

15, 16, 17, 21, 22, 23, 28 e 29 de maio

► VIII Torneo Semirrápidas Santa Rita

Auditorio

13, 14 e 15 de maio

Torneo incluído no circuito escolar da Federación Galega de Xadrez. Participan as categorías prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete.

► XV Torneo Internacioonal Alevín Fútbol 7

Campo da Lomba

14, 15 e 16 de maio

Coa participación dos equipos: Inter, Paris Saint Germain, Real Madrid, Liverpool, Benfica, Tottenham, Celta, Deportivo, Valencia Español, Atlético de Madrid, Atheltic de Bilbao, Omiya Ardiya, Sevilla, Sporting de Gijón, Lalín, Areosa, Montañeros, Val Miñor, AF7.

► Campeonato Galego de Atletismo para discapacitados intelectuais

Estadio de atletismo de Fontecarmoa

Mércores 19 de maio. A partir das 10.30 h.

► Exhibición de Taekwondo Santa Rita

Explanada do Auditorio

Domingo 23 de maio | 19.00 h.

► XV Marcha Cicloturista Lobeira

Explanada do Auditorio

Domingo 30 de maio | Saída ás 9.30 h.

Os participantes realizarán un percorrido de 98 kms.